

Estimadas familias:

A vindeira semana, se non existen outras indicacións por parte das autoridades educativas e sanitarias, comezará a incorporación do alumnado ás aulas. Ante estas circunstancias, parece aconsellable, para a tranquilidade de todos, manter unhas pequenas **reunións informativas** con vós.

Imaxinamos que comprenderedes a complexidade de organizar o comezo dun curso coma este. Certamente é moi difícil dar resposta inmediata a todas as vosas preocupacións. Pedímosvos **tranquilidade**, **comprensión** e **colaboración**.

Entre outras cousas é imposible extender o tempo, e aínda que nos gustaría poder duplicalo para transmitirvos certa tranquilidade e acollida, vémonos limitados. Así que veredes que as reunións dalgúns grupos están sinaladas para despois do comezo oficial das clases.

Non debedes preocuparos por iso. Ó longo dos vindeiros días recibiredes a información necesaria no que se refire ós accesos e outras cuestións de interese que vaian xurdindo.

Pedímosvos tres cousas:

1. **Confianza** en nós e no equipo docente.
2. **Paciencia**. Pómonos no voso lugar e entedemos a vosa ansiedade e preocupación. A medida que a Administración vaia confirmando a información, e tras adaptala ás circunstancias do noso centro (que son distintas ás dos outros) irémosvola transmitindo.
3. **Lembrete**: as únicas **canles oficiais de comunicación** son a **páxina web do colexio** e as mensaxes de **Abalarmóbil**. Outro tipo de transmisións de información, que son ben intencionadas, poden infoxicar e aumentar a nosa ansiedade, por estar sacadas fóra de contexto.

As **normas de seguridade para estas reunións** serán:

- Só asistirá un membro por familia.
- As cadeiras estarán separadas como mínimo por 1,5 metros.
- Os asistentes deberán portar máscara dende a súa entrada ó recinto.
- As reunións terán unha duración máxima de 45 minutos.

No cadro adxunto poderedes atopar o día e hora en que estades convocados.

Educación Infantil 4 anos A	Luns 7 de setembro	16:30 a 17:15
Educación Infantil 4 anos B	Luns 7 de setembro	17:45 a 18:30
Educación Infantil 5 anos A	Martes 8 de setembro	16:30 a 17:15
Educación Infantil 5 anos B	Martes 8 de setembro	17:45 a 18:30
1º de Primaria A	Mércores 9 de setembro	16:30 a 17:15
1º de Primaria B	Mércores 9 de setembro	17:45 a 18:30
2º de Primaria	Venres 11 de setembro	16:30 a 17:15
3º de Primaria	Venres 11 de setembro	17:45 a 18:30
4º de Primaria	Luns 14 de setembro	16:30 a 17:15
5º de Primaria (A e B)	Luns 14 de setembro	17:45 a 18:30
6º de Primaria	Martes 15 de setembro	16:30 a 17:15

Moitas grazas pola vosa comprensión e apoio.

Traballando xuntos conseguiremos sacar adiante este curso!

O Equipo Directivo